



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412/14  
Fax: 981-767358

## BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL COMO SOCORRISTAS NA CAMPAÑA DE VERÁN 2016, A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE-XUNTA DE GALICIA. EXP: TR351A 2016/11-1

1º) Obxecto da convocatoria: As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para as contratacóns laborais temporais da subvención concedida pola Xunta de Galicia, (Exp: TR351A 2016/11-1) dentro da liña de subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, desempeñando as funcións de socorrista nas praías do concello durante a campaña de verán 2016.

2º) Número de prazas: **É de quince (15).**

3º) Tipo e duración do contrato: Contrato laboral temporal para a realización dun servizo determinado, **modalidade de contrato de traballo temporal cos cláusulas específicas de traballos de interese social.** A duración do contrato será de **2 meses**, a xornada completa e coas retribucións fixadas para o posto no Orzamento e Convenio Colectivo en vigor no concello, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

A xornada de traballo semanal, respectando en todo caso os períodos de descanso legalmente establecidos, así como as praías do termo municipal onde desenvolveran o seu traballo, determinarase pola Concellería de Persoal e Turismo.

Nas xornadas de traballo cando as condicións metereolóxicas impidan o desfrute das praías por parte dos bañistas, o persoal de salvamento e socorrismo, realizará actividades formativas e prácticas de salvamento, co obxectivo de estar en perfectas condicións para desenvolver o seu traballo de socorristas, determinarase pola Concellería de Persoal e Turismo.

4º) Obxecto do contrato: O persoal contratado realizará o traballo de socorrista, vixilancia e salvamento de persoas nas praías do concello, así como prestar a colaboración precisa as persoas con discapacidades no uso da cadeira anfibia, en réxime de dispoñibilidade plena.

Así mesmo, realizará aqueloutras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

5º) **Requisitos xerais dos aspirantes.** Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español ou cidadán dos Estados membros da Unión Europea, ou daqueloutros con respecto aos que, en virtude de tratados internacionais coa Unión Europea ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Certificado/informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos de socorrista.

d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin inhabilitado por sentenza firme para o exercizo de funcións públicas.

Fixado no taboleiro de edictos  
o día 10 de Xuño de 2016  
Retirado  
o día ..... de ..... de 20.....  
O/A Funcionario/a



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412/14  
Fax: 981-767358

- e) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título/certificado de socorrista acuático cun mínimo acreditado de 80 horas.
- f) Non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- g) Ter presentada a solicitude inscripción no Rexistro Oficial de Socorristas de Galicia ou posuír o carnet de socorrista expedido pola Xunta de Galicia.
- h) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do carnet de conducir B.
- i) **No momento do inicio da relación laboral, estar inscrito na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.**
- 6º) Publicidade da convocatoria. **Presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Boiro e publicación no taboleiro de edictos da Corporación.**

7º) **Solicitudes:** Os candidatos remitidos pola **Oficina de Emprego de Boiro** deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que se facilitará nas oficinas municipais, no rexistro xeral do Concello de 9 a 13:30 horas, sábados de 10:00 a 12:30 horas. O prazo de presentación de solicitudes será de un **(3) tres días hábiles a contar desde o día seguinte ao do chamanento telefonicamente por parte do Concello aos aspirantes enviados pola Oficina de Emprego**, se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As instancias tamén poderán presentarse a través do procedemento previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas ou Procedemento Administrativo Común. Se optan por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farán en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso e cando se presente a instancia noutro Rexistro Público diferente ao do Concello de Porto do Son, os solicitantes antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes deberán remitir copia da instancia debidamente selada ou rexistrada ao número de fax do Concello: 981767358. **No caso de non remitir esta documentación vía fax, se terán por desistidos da súa petición.**

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do título/certificado de socorrista acuático cun mínimo acreditado de 80 horas.
- Fotocopia da solicitude de inscripción no Rexistro Oficial de Socorristas de Galicia ou carnet de socorrista expedido pola Xunta de Galicia.
- Fotocopia da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.
- Certificado/informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos de socorrista.
- Fotocopia do carnet de conducir B.
- Declaración que no momento do inicio da relación laboral, estar inscrito na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412/14  
Fax: 981-767358

## **8º) Oposición: máximo 8 puntos.**

**Proba física:** Consistirá na realización dunha proba física de carácter obligatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

Esta proba física realizarase na Praia do Cruceiro, que terá **unha valoración de 0 ata 8**, consistente en percorrer o seguinte:

- . 200 m. de carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi)
- . Entrada á auga e nado duns 400 m. co material de salvamento.
- . Chegar á area e percorrer uns 200 m. co material de salvamento.

\*Nota: as distancias variarán en función do estado do mar.

**Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.**

- O tempo contaráse a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta.

Tempo	Puntos *
1º clasificado	8
+ 0,50''	7
+ 1,00''	6
+ 1,50''	5
+ 2,00''	4
+ 2,50''	3
+ 3,00''	2
+ 3,50''	1
+ 4,00''	0

- As mulleres terán una bonificación de 10 segundos.

## **9º Concurso: máximo 2 puntos.**

**1. Cursos de formación:** 0,50 puntos por curso ata un máximo de 2,00 puntos. Valoraranse únicamente os que versen sobre as seguintes materias:

- Título de primeiros auxilios.
- Título de manexo de embarcacións (PER ou PNB).
- Mergullador.
- Todas aquelas titulacións que teñan relación **directa co salvamento acuático ou emergencias sanitarias.**

**10º Puntuación final, máximo:10 puntos.** Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global e sexan considerados competentes polo tribunal cualificador. En caso de empate, terá preferencia o que acrede maior puntuación na proba práctica, de continuar o empate realizarase un sorteo público entre os afectados. Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas.

**11º) Tribunal cualificador:** Estará composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogais: José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: Miguel Mayán Dios.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412/14  
Fax: 981-767358

12º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a **modalidade de contrato de traballo temporal cos cláusulas específicas de traballos de interese social**, cos candidatos seleccionados.

Porto do Son, 9 de xuño de 2016.

O Alcalde.

José Luis Oujo Pouso.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412/14  
Fax: 981-767358

## MODELO DE INSTANCIA.

D/Dna. \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos,  
D.N.I. \_\_\_\_\_ con \_\_\_\_\_ endereço en  
CP. \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_ ,  
teléfono \_\_\_\_\_,

### EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de **QUINCE PRAZAS DE SOCORRISTA**.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases, que accepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a base 7ª da convocatoria: (SINALAR CUN X)

- **Fotocopia do DNI.**  Documentación presentada no ano 2015.
- **Fotocopia do título/certificado de socorrista acuático cun mínimo acreditado de 80 horas.**  Documentación presentada no ano 2015.
- **Fotocopia da solicitude de inscripción no Rexistrio Oficial de Socorristas de Galicia ou carnet de socorrista expedido pola Xunta de Galicia.**  Documentación presentada no ano 2015.
- **Fotocopia da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.**  Documentación presentada no ano 2015.
- **Fotocopia do carnet de conducir B.**  Documentación presentada no ano 2015.
- **Certificado/informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos de socorrista.**
- **Declaración que no momento do inicio da relación laboral, estar inscrito na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.**

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE QUINCE PRAZAS DE SOCORRISTAS, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

En Porto do Son, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.